



EXENCIÓNS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Lei 13/1991 do 9 de decembro (DOG do 13), de taxas e prezos e exencións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, na regulación que fai sobre prezos públicos non recolle a posibilidade de exencións. A Universidade de Santiago de Compostela, en cumprimento do preceptuado na devandita norma non procederá a aplica-las exencións que se deriven de normas anteriores.

Así mesmo a Resolución rectoral do 7 de xullo de 1993 declara no apartado segundo a normativa reguladora de exencións que non é de aplicación na Universidade de Santiago de Compostela.

Por outra banda, a Resolución rectoral do 9 de xullo de 1996 establece que o tipo de exencións nos prezos públicos sonlle recoñecidas ós alumnos matriculados nesta Universidade, e polo tanto de aplicación na Universidade de Santiago de Compostela. A implantación e consolidación de novas titulacións e plans de estudio fai necesaria a modificación da dita Resolución.

POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO: MATRÍCULA DE HONRA NA AVALIACIÓN GLOBAL DO COU, NO SEGUNDO CURSO DO BACHARELATO LOXSE, OU CON PREMIO EXTRAORDINARIO DE BACHARELATO.

Non estarán obrigados, total ou parcialmente, ó pagamento dos prezos públicos por matrícula os alumnos que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

1.1 Alumnos que acceden á Universidade.

Os alumnos que obtiveran matrícula de honra na avaliación global do Curso de Orientación Universitaria do segundo curso de Bacharelato LOXSE ou con Premio Extraordinario para o primeiro curso dos estudos universitarios.

Este beneficio que será aplicado só unha soa vez, esgótase coa matrícula para o inicio de estudos, xa sexa exercéndoo ou non, non sendo de aplicación se o alumno iníciase con posterioridade outros estudos universitarios.



SEGUNDO: MATRÍCULA DE HONRA EN ESTUDIOS UNIVERSITARIOS.

2.1 Alumnos de titulacións renovadas.

2.1.1 A deducción por matrícula de honra realizarase na matrícula do curso seguinte, sempre que o alumno formalice matrícula en materias nas que non estivese matriculado anteriormente.

2.1.2 Non lle será aplicable a deducción por matrícula de honra ós créditos matriculados que excedan o total de créditos da titulación que realice o alumno, sempre que os créditos ou materias realizadas non sexan necesarios para a obtención do título.

2.1.3 Só se poderá aplicar a deducción na mesma titulación na que obtivo a matrícula de honra.

2.1.4 O importe da deducción ou desconto afectaralle a un número de créditos igual ó número de créditos nos que obtivo a matrícula de honra, e o valor do crédito será o correspondente ás materias en primeira matrícula.

2.2 Alumnos de titulacións non renovadas.

Unha vez calculado o importe da matrícula, practicarase a deducción por matriculas de honra obtidas no curso inmediatamente anterior ó que se matricula consonte o que a seguir se indica:

2.2.1 Se o alumno formaliza matrícula por curso completo o importe da deducción por cada matrícula de honra será o cociente da división de prezos do curso completo entre o número de materias das que conste o curso no que se matricula.

2.2.2 Se o alumno formaliza matrícula por materias soltas, neste suposto o importe da deducción será o que se teña establecido por materias soltas en primeira matrícula.

2.2.3 Só se poderá aplicar a deducción por matrícula de honra a materias da mesma titulación.

TERCEIRO: FAMILIAS NUMEROSAS.

Os alumnos que ó abeiro do Real Decreto 1801/1995, do 3 de novembro, que desenvolve a Lei 42/94 do 30 de decembro, teñan a consideración de membros de familia numerosa serán beneficiarios:

3.1 Da exención total do pagamento dos prezos públicos cando a categoría da familia numerosa sexa de honra ou segunda categoría.

3.2 Da exención do 50% das cantidades que se paguen nos prezos de matrícula cando a categoría sexa de familia numerosa de primeira.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CUARTA: BOLSEIROS

Os alumnos bolseiros con cargo ós Presupostos Xerais do Estado, estarán exentos do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos sempre que así se indique nas convocatorias e os organismos convocantes compensen á universidade polos importes que deixa de percibir.

QUINTO: CONVENIOS INTERNACIONAIS

Os alumnos amparados por convenios ou tratados internacionais que sexan ratificados por España poderán ter exención dos prezos públicos por servizos académicos. Non obstante, a determinación de que estes estean ou non en vigor, correspóndelle realizala ó secretario xeral da Universidade, quedando en suspenso o pagamento dos prezos públicos ata a instrución da Secretaría Xeral.

DISPOSICIÓN FINAL

A Universidade solicitaralle ós organismos correspondentes a través do Servizo de Alumnado, Sección de Bolsas, a compensación polo importe que como prezos públicos deixa de percibir polos alumnos beneficiarios das exencións aquí reguladas.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 1999

O RECTOR



D. Dario Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL. SR. VICERRECTOR DE ASUNTOS ECONÓMICOS, DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS
SRES. DECANOS E DIRECTORES DE CENTROS
SR. XERENTE, SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO
SRES. XEFES DE SERVICIO DE ALUMNADO, CONTROL INTERNO, CONTABILIDADE E PRESUPOSTOS, INFORMACIÓN, PAS E PROFESORADO.
SRES. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.